



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Dereito

Curso Académico: 2014 / 2015

Índice

1. Introducción	3
2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade	5
3. Plan de Melloras do Centro 2015/2016	14
4. Anexo: Informes de seguimento	24

1. Introducción

A Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela é consciente da relevancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir a existencia de programas formativos, tanto de Grao como de Máster, que dean resposta ás demandas de excelencia.

Tomando como punto de referencia a política de calidade da Universidade de Santiago de Compostela, a Facultade de Dereito comprométese a elaborar a súa política propia de cara a desenvolver os mencionados programas formativos avalados polo selo de calidade, elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos diversos grupos de interese.

Nesta Memoria de Calidade da Facultade de Dereito, correspondente ao curso académico 2014/2015, recóllese información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade, aos títulos impartidos no centro e ao Plan de Melloras do Centro (incluíndo as Accións de Mellora programadas a nivel de centro para o curso 2015/2016), así coma os Informes de seguimento das titulacións impartidas no centro (Anexo).

O presente documento foi elaborado polo grupo de traballo nomeado pola Comisión de Docencia e Calidade na súa reunión de 19 de xaneiro de 2016. Dito grupo de traballo integrouse pola Vicedecana de Calidade e Infraestruturas, a Vicedecana de Organización Académica e os coordinadores dos Másteres Universitarios da Avogacía, Fiscalidade Internacional e Comunitaria e de Estudos Internacionais. A súa proposta de Memoria foi presentada e debatida no seo da Comisión de Docencia e Calidade, na súa xuntanza de 11 de febreiro de 2016 – comisión a que pertencen os integrantes do grupo de traballo. Posteriormente, a Memoria foi aprobada pola Xunta de Facultade do centro do día 11 de febreiro de 2016.

Polo que se refire a estrutura do Centro, os títulos impartidos no curso académico 2014/2015 foron os seguintes:

- a. O Grao en Dereito (GD)

- b. O Máster Universitario en Avogacía (MUA, nos campus de Santiago e Lugo)
- c. O Máster Universitario en Estudos Internacionais (MUEI)
- d. O Máster Universitario en Fiscalidade Internacional e Comunitaria (MUFIC).

No caso da Licenciatura en Dereito (plan de estudos do 2003), non se impartiu docencia, limitándose a actividade docente á realización de probas de avaliación.

A documentación de referencia inclúe, ademáis das recollidas no punto **2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade** (Manual do SGIC, Manual de Procesos e Procedementos), a normativa estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela, así coma as Memorias do Grao en Dereito e dos respectivos Másteres Universitarios.

Tal e como se recolle no Manual Simplificado do SGIC (versión 2), a Facultade de Dereito decidiu que a súa Comisión de Calidade teña a mesma composición que a Comisión de Docencia, co engadido dos coordinadores dos másteres universitarios oficiais adscritos á Facultade e do responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade.

Na actualidade, e dacordo co disposto no artigo 34 do Regulamento de Réxime interno da Facultade de Dereito, a Comisión está composta polo Decano, que a presidirá, as Vicedecanas de Calidade e Infraestruturas e de Organización Académica (segundo a nova estrutura do equipo decanal, sendo a primeira a Responsable de Calidade do Centro), a secretaria da Facultade (que tamén o é da Comisión), os coordinadores das titulacións oficiais adscritas (coordinadores dos Másteres oficiais), a persoa responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade, así coma unha representación proporcional dos demais sectores que integran a Xunta de Facultade (en número de doce e distribuídos do seguinte xeito: catro membros do profesorado con vinculación permanente, dous membros do resto do persoal docente e investigador e do persoal investigador en formación, cinco estudantes de grao e un estudante de Máster ou doutoramento).

Dita Comisión acordou na súa xuntanza de 19 de xaneiro de 2016 crear un Grupo de traballo encargado de elaborar a proposta do texto da presente Memoria de Calidade. Tal e como se expuso, dito grupo estivo integrado polas Vicedecanas de Calidade e Infraestruturas, de Organización Académica e os coordinadores dos Másteres Universitarios da Avogacía, Fiscalidade Internacional e Comunitaria e de Estudos Internacionais.

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

O Sistema de Garantía Interna de Calidade

Con carácter xeral, o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) busca propiciar a mellora continua nas titulacións adscritas aos Centros da Universidade de Santiago de Compostela, permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten a súa acreditación e renovación.

O SGIC marco da USC está deseñado seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices englobados en 5 eixes, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias a estes efectos, denominados AUDIT e FIDES.

A USC aprobou o primeiro SGIC marco en decembro de 2009, e a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno, na sesión que celebrou o 31 de maio de 2013, aprobou unha revisión, na que se recolleu unha simplificación e revisión global do sistema. Os documentos que configuran o SGIC marco revisado da USC son o Manual extenso, o Manual Simplificado e o Manual de procesos e procedementos.

A Facultade de Dereito, o noso centro, adaptou o Manual simplificado ás nosas particularidades, sendo aprobado o 23 de marzo de 2015 pola Comisión de Calidade e Planificación da USC.

O “Manual simplificado do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Dereito”, así coma o “Manual extenso do Sistema Marco de Garantía de Calidade” e o “Manual de Procesos e Procedementos”, están dispoñibles na páxina web da Facultade de Dereito na pestaña rotulada “Calidade SGIC Dereito” (accesible en <http://www.usc.es/gl/centros/dereito/sgic.html>).

Precisamente este último, o “Manual de Procesos e Procedementos”, foi modificado o pasado mes de xullo de 2015 (versión 3 aprobada polo Consello de Goberno o 29 de xullo de 2015), o que fai necesaria unha urxente adaptación do Manual do SGIC da Facultade de Dereito. Compre salientar que esta non será a única adaptación a acometer no noso Manual durante o presente curso académico 2015/2016 (vide AM, no apartado 3 desta Memoria). Tanto a aprobación e entrada en vigor do Regulamento de réxime interno da Facultade de Dereito no 2015, como a nova estrutura do equipo de Goberno do Centro, froito das eleccións celebradas en novembro de 2015, esixe modificacións en diversos puntos do Manual do SGIC da Facultade de Dereito, maiormente no que respecta ao reparto de competencias entre reflectidas no documento – por exemplo, no ámbito estricto de Calidade, pasa a ser unha competencia propia do Vicedecanato de Calidade e Infraestruturas, cuxo titular será tamén o Responsable de Calidade do Centro.

Polo que se refire ao seguimento do SGIC no pasado 2014/2015, tal e como reflicten as actas das reunións da Comisión de Docencia de Comisión de Docencia e Calidade - (xuntanzas de 2 de outubro de 2014, 30 de outubro de 2014 e 9 de febreiro de 2015), non se teñen apreciado anomalías salientables – se ben, tal e como se acaba de subliñar, no presente curso 2015/2016 será necesario plantexar un iter definido para acometer unha serie de modificacións no SGIC.


Os títulos impartidos no centro

No curso 2014/2015 ofertáronse na Facultade 320 prazas de inicio de estudos, repartidas entre o Grao en Dereito e os mestrados en Avogacía, Estudos Internacionais e Dereito das Administracións Públicas. O Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria non puido ofertar prazas de inicio pola aplicación do Decreto 222/2011 da Consellería de Cultura,

Educación, e Ordenación Universitaria. Non obstante, este mestrado renovou a súa acreditación en xullo de 2015 e incorporouse de novo á oferta do curso 2015/2016.

Oferta e perfil de ingreso

O total de prazas ofertadas mantense en comparación con cursos anteriores como se pode ver na seguinte gráfica:



En canto ao perfil dos estudantes da Facultade de Dereito, tanto no Grao como nos mestrados, o 100% do alumnado ten unha nota media de acceso superior a 6. Por estudos, no Grao confírmase a tendencia á alza desde o ano 2010/2011, evolucionando do 8,25 ao 9,60 actual (sobre 14) e no caso dos mestrados, no curso 2014/2015 o Máster en Avogacía tivo unha nota media de acceso de 7,42 e o Máster en Estudos Internacionais dun 7,68 (sobre 10).

Polo que respecta á procedencia do estudantado, a Facultade de Dereito capta maioritariamente alumnado nacional, supoñendo o alumnado estranxeiro o 1,5% do total de estudantes matriculados (17 de 1133 no curso 14/15). Por outra parte, dentro do alumnado nacional, os estudantes de fóra de Galicia supoñen tamén o 1,5% da matrícula total.


En canto á mobilidade do alumnado, a Facultade recibiu máis alumnado do que enviou no curso 2014/2015, notándose unha redución en comparación co ano anterior que motivada pola

restrición nos recursos destinados aos estudantes a programas de mobilidade. Sobre o total de alumnado da facultade, o alumnado recibido procedente de mobilidade supuxo un 7,33% e o enviado un 2,56%.

En canto ás prácticas realizadas polos estudantes ao longo do título, case o 50% dos egresados no curso 2014/2015 realizaron prácticas. Hai que ter en conta que a nivel de centro computan todos os títulos ofertados e o Máster en Estudos Internacionais non oferta prácticas en empresas así que a porcentaxe débese ao Grao en Dereito e, especialmente, ao Máster en Avogacía onde as prácticas son obrigatorias polo que o 100% do alumnado as realiza.

Profesorado

En relación co perfil do profesorado que imparte os diferentes títulos mantense aceptablemente a experiencia investigadora, tendo en conta que as xubilacións producidas afectan ao número de sexenios computado. No curso 2014/2015 o 72,19% do PDI total tiña un ou máis sexenios. En canto ao profesorado doutor sobre o total, neste último curso representaba o 86,39%, o que o sitúa nun alto nivel de cualificación do cadro de persoal docente se ben pódese apreciar unha tendencia á baixa.




O mesmo ocorre coa porcentaxe que supón o profesorado funcionario sobre o total do PDI, situándose no curso 2014/2015 no 60,36% cando partía dun 71,43% no curso 2009/2010. A

explicación desta redución débese ás restricións conxunturais que impiden a convocatoria de prazas e, polo tanto, a renovación do profesorado.

Neste ámbito, considérase adecuada unha acción de mellora que permita estudar as necesidades de profesorado por parte dos departamentos así como as posibilidades de estabilización de PDI en próximos anos.

Mobilidade do profesorado

No curso 2014/2015 a mobilidade do profesorado foi do 7,55% no Grao, descendendo moito en comparación cos cursos anteriores.





Por este motivo, a Comisión de Calidade considera necesario fomentar a participación do profesorado en programas de intercambio, establecendo unha acción de mellora ao respecto.

Resultados académicos

En xeral, os resultados previstos nas memorias de verificación para as taxas de graduación, eficiencia e abandono, dos diferentes títulos impartidos na Facultade cúmprense no curso 2014/2015. Ademais, as taxas de rendemento, éxito e avaliación amosan uns resultados satisfactorios que van aumentando curso a curso.

Nas seguintes gráficas pódese ver a evolución dos diferentes resultados diferenciados para o

grao e para os mestrados impartidos na Facultade:



Máis en detalle, a continuación expóñense os resultados do curso 2014/2015, que ao igual que a súa evolución, cumpren en xeral os compromisos adquiridos nas memorias de verificación e a evolución esperada dos diferentes títulos.

IN34M-S01-PM-01. Taxa de rendemento

GD: 68,67%

MUA: 98,59%

MUFIC: 50% (non se ofertaron prazas de inicio no curso 14/15 polo que está calculada para alumnado de continuación)

MUEI: 81,79%

IN35M-S01-PM-01. Taxa de éxito

GD: 83,90%

MUA: 99,86%

MUFIC: 100%

MUEI: 98,64%

IN36M- S01-PM-01. Taxa de avaliación

GD: 81,85%

MUA: 98,73%

MUFIC: 50%

MUEI: 82,91%

IN37M-S01-PM-01. Taxa de graduación

GD: 43,78% (sendo o curso 2014/15 o único do que se dispón deste dato)

MUA: 98,04%

MUFIC: 88,89%

MUEI: 62,07%

IN41-S01-PM-01 Taxa de abandono RD 1393

GD: 21,69%

MUA: 0%

MUFIC: 11,11%

MUEI: 20,69%

Resultados das enquisas de satisfacción

No que respecta á satisfacción das diferentes enquisas realizadas dentro do Sistema de Garantía Interna de Calidade, os resultados son satisfactorios aínda que é preciso aumentar a

participación para que sexan representativos, especialmente nos mestrados onde ao ser menos alumnado precísase unha maior taxa de resposta. Por isto, unha das accións de mellora a abordar durante o próximo curso consistirá en buscar fórmulas para aumentar esta participación.

En relación coa satisfacción coa docencia recibida, a evolución desde a súa implantación online é satisfactoria, incrementándose curso a curso como se pode observar na seguinte táboa:

Plan estudo	2011/2012	2012/2013	2013/2014	2014/2015
Grao en Dereito	3,66	3,62	3,84	-
Máster Universitario en Estudos Internacionais	4,3	3,92	3,94	4,06
Máster Universitario en Fiscalidade Internacional e Comunitaria	4,59	-	4,4	-
Máster Universitario en Avogacía (Santiago)	-	3,36	3,39	3,77
Máster Universitario en Avogacía (Lugo)	-	-	-	4,54

En canto á satisfacción coa docencia impartida, enquisa que cobre o PDI todos os anos, os resultados tamén son satisfactorios, se ben, como xa se apuntou, é preciso aumentar a participación do profesorado:

Centro	2011/2012	2012/2013	2013/2014	2014/2015
Facultade de Dereito (Másteres)	-	3,8	3,8	4,01
Facultade de Dereito (Grao)	3,9	3,7	3,8	3,08

Cabe destacar que por primeira vez no curso 2014/2015, realizouse unha enquisa ao Persoal de Administración e Servizos que presta os seus servizos na Facultade de Dereito. Os resultados son moi satisfactorios acadando un 4 sobre 5 a satisfacción global co posto de traballo.

Xestión de incidencias

A xestión de incidencias aténdese a través de tres canles:

1. A Oficina de Análise de Reclamacións que ten encomendada a función de canalizar e dar resposta ás suxestións e queixas que faga o estudantado en relación ao funcionamento dos servizos docentes, administrativos e de apoio da USC. Así mesmo, compételle a tramitación e proposta de resolución dos recursos que teñen que ver cos procedementos de xestión académica tramitados nas distintas unidades administrativas da USC dos que se sinalan: validacións, adaptacións, anulacións de matrícula, admisións, simultaneidades, subvención de

prezos, apoio titorial extraordinario, revisión de cualificacións e recoñecemento de estudos cursados en programas nacionais ou internacionais. De acordo co seu informe, en relación cos recursos presentados no ámbito da xestión académica, o tema máis recorrente correspondeuse co “Recoñecemento de estudos”, e dos 23 recursos presentados no periodo 2010-2011 a 2014-2015, 13 foron estimados, 6 desestimados, 2 parcialmente estimados e 2 inadmitidos. O volume sobre o total de matriculados da facultade non é significativo. En canto ás queixas e suxestións presentadas, o volumen tampouco é elevado e ademais as queixas e suxestións presentadas son moi variadas e non recorrentes no tempo.

2. O Valedor da Comunidade Universitaria presenta un informe anual ante o Claustro e que non se recibiron queixas relativas a esta facultade a través desta canle.
3. En canto aos procedementos iniciados no Decanato, no curso 2014/2015 rexistráronse 3 reclamacións plantexadas por alumnos relativas ás cualificacións obtidas nos exames. Nos 3 casos, as reclamacións non prosperaron.

Á vista destes e doutros indicadores facilitados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, as titulacións ofertadas na Facultade de Dereito ofrecen, en comparativa cos globais da Universidade de Santiago de Compostela, bos resultados.

Malia a afirmación anterior, téñense detectado certas debilidades ou necesidades non cubertas axeitadamente. Neste senso, a Comisión de Docencia e Calidade ven de aprobar na súa reunión de 19 de xaneiro de 2016 unha serie de Accións de Mellora, recollidas agora no seguinte epígrafe. Salientamos a necesidade de mellorar a información pública dispoñible das titulacións ofertadas na Facultade, a través da modernización e actualización de páxina web propia; mellorar a xestión, tanto académica como administrativa das titulacións; a necesidade de despreparar e adaptar o SGIC, xa mencionado nesta memoria; ou xa, en materia de recursos humanos, apoiar as solicitudes de incorporación e melloras nas condicións do PDI que os departamentos propoñan, as melloras formativas do PDI, ou aumentar a internacionalización e participación en programas de mobilidade.

Estas e outras Accións de mellora recóllense polo miúdo a continuación, sendo un claro exponente do compromiso do equipo de goberno do Centro coa Calidade.

3. Plan de Melloras do Centro 2015/2016

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM 1
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 2. Información e transparencia
		Definición	Análise causa
	Definición/descripción proposta		Mellorar a información dispoñible sobre o Grao e Másteres impartidos na Facultade de Dereito a través da mellora da web da Facultade/ Másteres
	Data prevista de finalización		
	Data inicio		Xaneiro de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Decanato de Dereito/ Coordinadores dos Másteres	
Tarefa 1	Código	AM 1.1	
	Descrición tarefa	Mellorar a web institucional da Facultade de Dereito	
	Data prevista de finalización	Decembro 2016	
	Persoa responsable	Vicedecanato de Calidade/ Oficina web USC/ Coordinadores dos Másteres/ SXOPRA	
Tarefa 2	Código	AM 1.2	
	Descrición tarefa	Organizar presentacións do Grao e Másteres (Avogacía, Fiscalidade Internacional e Comunitaria e Estudos Internacionais) para darlle publicidade e facilitar a captación de alumnos con perfil de ingreso axeitado a cada titulación	
	Data prevista de finalización	Decembro de 2016	

	Persoa responsable	Vicedecanato de Calidade/ Coordinadores dos Másters		
Finalización	Estado	En execución		
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			
ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM 2	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
		Definición	Análise causa	Deficiencias detectadas na xestión académica e administrativa das titulacións. No caso da xestión académica, de xeito especial presenta dificultades o MUA, dado que se imparte nos dous campos da USC
			Definición/descripción proposta	Mellorar a xestión (académica e administrativa) mediante a identificación das fortalezas e debilidades dos planes de estudos e as metodoloxías docentes; búsqueda de solucións que contribúan a dotar de apoio administrativo á coordinación dos respectivos títulos, dado que o PDI non dispón dos recursos necesarios para realizar tarefas administrativas sen persoal de apoio facilitado pola USC
			Data prevista de finalización	Acción en permanente realización
			Data inicio	Xaneiro de 2016
		Responsables	Responsable da implantación	Decanato de Dereito/ Coordinadores dos Másters
Tarefa 1	Código	AM 2 .1		
	Descrición tarefa	Celebración de reunións de coordinación periodicamente pactadas		
	Data prevista de finalización	Setembro de 2016		
	Persoa responsable	Vicedecanato de Calidade/ Coordinadores dos Másters		
Tarefa 2	Código	AM 2.2		

		Descrición tarefa	Estudiar xunto cos servizos centrais da USC métodos que permitan mellorar o apoio que presta o PAS nas labores de coordinación dos títulos dos Centros, xunto coa mellora das condicións dos PDI coordinadores (recoñecemento de horas, etc)
		Data prevista de finalización	
		Persoa responsable	Vicedecanato de Calidade/ Coordinadores dos Másters/ Xestor do Centro/ Xerencia
Finalización		Estado	En execución
		Data estado	
		Comprobación	
		Data comprobación	
ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM 3
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 3. Sistema de Garantía da Calidade
	Definición	Análise causa	Deficiencias no SGIC da Facultade
		Definición/descrición proposta	Necesidade de despregar e adaptar o SGIC
		Data prevista de finalización	
		Data inicio	Xaneiro de 2016
	Responsables	Responsable da implantación	Decanato de Dereito/ Coordinadores dos Másters
Tarefa 1	Código	AM 3 .1	
	Descrición tarefa	Deseño e implementación dun Plan estratéxico para a Facultade	
	Data prevista de finalización	Decembro 2016	

	Persoa responsable	Vicedecanato de Calidade/ Comisión de Docencia e Calidade do Centro		
Tarefa 2	Código	AM 3.2		
	Descrición tarefa	Adaptación do Manual Simplificado do SGIC		
	Data prevista de finalización	Decembro de 2016		
	Persoa responsable	Vicedecanato de Calidade/ Comisión de Docencia e Calidade		
Finalización	Estado	En execución		
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			
ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM 4	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 4. Recursos humanos	
	Definición	Análise causa	Elevada ratio de alumnos/ profesor nalgunhas áreas	
		Definición/descrición proposta	Apoiar as solicitudes de incorporación e melloras nas condicións do PDI que os departamentos propoñan	
		Data prevista de finalización		
		Data inicio	Xaneiro de 2016	
Responsables	Responsable da implantación	Decanato de Dereito		
Tarefa 1	Código	AM 4 .1		
	Descrición tarefa	Recoller datos sobre os doutorandos, investigadores en formación do centro para coñecer as súas posibilidades de incorporación á USC		
	Data prevista de finalización			

	Persoa responsable	Vicedecanato de organización académica	
Tarefa 2	Código	AM 4.2	
	Descrición tarefa	Recoller os datos sobre o PDI contratado indefinido e funcionarios acreditados e analizar as súas posibilidades reais de promoción	
	Data prevista de finalización	Decembro de 2016	
	Persoa responsable	Vicedecanato de organización académica	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		
ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM 5
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
		Análise causa	Necesidade de estudar e debater á ordenación temporal de certas materias (Dereitos reais, etc)
	Definición	Definición/descrición proposta	Debido ao número de queixas (informais) do alumnado e do profesorado de certas materias (especialmente Dereitos reais), debe plantexarse a necesidade de valorar unha reubicación de materias no Plan de estudos
		Data prevista de finalización	Xullo de 2016
		Data inicio	Xaneiro de 2016
		Responsables	Responsable da implantación
Tarefa 1	Código	AM 5 .1	
	Descrición tarefa	Reunións cos representantes dos Departamentos/ áreas con docencia na Facultade	

	Data prevista de finalización	Xullo de 2016	
	Persoa responsable	Vicedecana de Organización académica	
Tarefa 2	Código	AM 5.2	
	Descrición tarefa	Consultas cos alumnos de grao/ representantes de estudantes (asociacións)	
	Data prevista de finalización	Xullo de 2016	
	Persoa responsable	Vicedecana de organización académica	
Finalización	Estado	En execución	
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		
ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM 6
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
		Definición	Análise causa
	Definición/descrición proposta		Aumentar o grao de participación nas enquisas de satisfacción, sobre todo do PDI e dos alumnos
	Data prevista de finalización		
	Data inicio		Xaneiro de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Decanato de Dereito/ Área de Calidade da USC/ Coordinadores dos Másters	
Tarefa 1	Código	AM 6 .1	
	Descrición tarefa	Reunións cos responsables da Área de Calidade para estudar mecanismos alternativos ás enquisas online	

	Data prevista de finalización	Decembro 2016		
	Persoa responsable	Vicedecanato de Calidade/ Área de Calidade da USC / Coordinadores dos Másters		
Tarefa 2	Código	AM 6.2		
	Descrición tarefa	Valoración do establecemento dun sistema de enquisas propias (se existe financiación)		
	Data prevista de finalización			
	Persoa responsable			
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			
ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM 7	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento	
		Definición	Análise causa	Necesidade de aumentar as accións formativas destinadas ao alumnado do Grao e Másters
	Definición/descrición proposta		Mellorar as accións formativas ofertadas ao alumnado que accede ao centro (Grao e Másters) e que egresa no título.	
	Data prevista de finalización		Setembro de 2016	
	Data inicio		Xaneiro de 2016	
	Responsables	Responsable da implantación	Decanato de Dereito / Coordinadores de Másters	
Tarefa 1	Código	AM 7 .1		

		Descrición tarefa	Xornadas sobre acceso a recursos informáticos, bases de datos, sistema de préstamo ,etc
		Data prevista de finalización	Setembro de 2016
		Persoa responsable	Decanato de Dereito/ Biblioteca Concepción Arenal
Tarefa 2		Código	AM 7.2
		Descrición tarefa	Xornadas sobre empregabilidade no eido xurídico
		Data prevista de finalización	Abril de 2016
		Persoa responsable	Decanato de Dereito
Finalización		Estado	En execución
		Data estado	
		Comprobación	
		Data comprobación	
ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM 8
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 4. Recursos humanos
		Análise causa	Aumentar a internacionalización/ participación en programas de mobilidade
	Definición	Definición/descrición proposta	Trátase de fomentar a participación nos programas de mobilidade por parte do PDI e tamén xerar unha guía de implantación de docencia en inglés nalgunhas asignaturas (sempre e cando exista financiación/ clases de apoio os docentes / recoñecementos do esforzo docente)
		Data prevista de finalización	
		Data inicio	Xaneiro de 2016
		Responsables	Responsable da

		implantación	
Tarefa 1		Código	AM 8 .1
		Descrición tarefa	Reunións informativas co PDI para tentar incrementar a participación en programas de mobilidade
		Data prevista de finalización	Decembro 2016
		Persoa responsable	Decanato de Dereito / RAM
Tarefa 2		Código	AM 8.2
		Descrición tarefa	Estudar a realización no marco do PFID de cursos de perfeccionamento de inglés xurídico para a docencia
		Data prevista de finalización	
		Persoa responsable	Decanato de Dereito /PFID
Finalización		Estado	
		Data estado	
		Comprobación	
		Data comprobación	
ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM 9
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 5. Recursos materiais e servizos
		Definición	Análise causa
	Definición/descrición proposta		Apertura dunha aula de informática de acceso libre para os alumnos do Grao e Másters, equipada tamén con portátiles destinados ao préstamo curto (no caso de dispoñibilidade orzamentaria)
	Data prevista de finalización		
	Data inicio		Xaneiro de 2016

Responsables	Responsable da implantación	Decanato de Dereito/ ATIC
Tarefa 1	Código	AM 9.1.
	Descrición tarefa	Apertura dunha aula de informática
	Data prevista de finalización	
	Persoa responsable	Decanato /ATIC
Tarefa 2	Código	AM 9.2.
	Descrición tarefa	Labores de mantemento/ reemplazo dos equipos asociados á Facultade (Grao e Másters)
	Data prevista de finalización	
	Persoa responsable	Vid supra
Finalización	Estado	En execución
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM 10	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 4. Recursos humanos
			Análise causa	Melloras formativas para o PDI
			Definición/descrición proposta	Melloras na xestión do Campus Virtual e posibilidade de virtualizar contidos docentes (PFID)
			Data prevista de finalización	Curso 2015/16 e 16/17
			Data inicio	Xaneiro de 2016

Responsables	Responsable da implantación	Decanato de Dereito/ Coordinadores dos Másters/ ATIC
Tarefa 1	Código	
	Descrición tarefa	
	Data prevista de finalización	
	Persoa responsable	
Tarefa 2	Código	
	Descrición tarefa	
	Data prevista de finalización	
	Persoa responsable	
Finalización	Estado	En execución
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

4. Anexo: Informes de seguimento

Dispoñibles na páxina web do Centro no enlace seguinte: <http://www.usc.es/gl/centros/dereito/sgic.html>